



Teaching Guide				
Identifying Data				2024/25
Subject (*)	Practicum	Code	661G01032	
Study programme	Grao en Enfermaría			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Fourth	Obligatory	24
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites	Ter superadas as Estancias Clínicas I, II, III, IV, V, VI, VII para poder cursar esta materia.			
Department				
Coordinador	Sanchez Álvarez, Carmen M <sup>ª</sup> Rodríguez Costa, Francisco Javier	E-mail	carmen.sanchez@udc.esfrancisco.rodriguez.costa@udc.es	
Lecturers	, Garcia Fraguela, Berta García Rodríguez, María Teresa Rodríguez Costa, Francisco Javier Rodríguez Veiga, David Sánchez Álvarez, Carmen María Sanchez Álvarez, Carmen M <sup>ª</sup> Sánchez Flores, Paula Seijo Bestilleiro, Rocio Souto Fernández, Estela	E-mail	berta.fraguela@col.udc.es m.t.garcia.rodriguez@udc.es francisco.rodriguez.costa@udc.es d.rveiga@udc.es carmen.sanchez1@udc.es carmen.sanchez@udc.es paula.sanchez.flores r.seijob@udc.es estela.souto@udc.es	
Web	www.campusvirtual.udc.es/moodle			
General description	Son Estadías Clínicas que corresponden ó nivel avanzado da aprendizaxe práctico clinica que teñen como finalidade integrar os coñecementos e habilidades adquiridas que lles permitan entender, comprender , diagnósticar e participar no deseño e desenvolvemento dun plan de coidados ás persoas nun contexto determinado de saúde, e desenvolver habilidades de comunicación efectiva cos doentes, familias e equipo asistencial.			

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.



B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B18	Desenvolver a capacidade de liderado.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B21	Implicación na calidade e busca/procura da excelencia.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
C13	CB5.- Que os estudantes desenvolveran aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores con un alto grao de autonomía

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Capacidade de participar de xeito activo e responsable como integrante do equipo asistencial	A62	B3 B5 B7 B8 B9 B11 B14 B18 B19 B22	C1 C3 C4 C7 C12 C13



Desenvolver con habilidade estratexias de comunicación coas persoas, familias, grupos e comunidade.	A62	B5 B7 B9 B10 B11 B14 B15 B16 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12 C13
Amosar a capacidade de determinar as necesidades de coidado das persoas atendidas, establecendo os diagnósticos de enfermaría e complicacións potenciais. Planificar as intervencións e actividades necesarias. Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade e avaliando a súa eficacia. Utilizar os Sistemas de Continuidade de Coidados.	A62	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13
Actuar segundo os principios éticos e legais que guían á profesión. Cumplir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B13 B15 B16 B18 B20 B21 B22 B24	C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13



Topic	Sub-topic
Prácticas clínicas tuteladas que se desenvolven en calquera ámbito da practica da enfermaría.	<p>Realización do proceso de cuidados.</p> <p>Realización de actividades de prevención e promoción da saúde.</p> <p>Coidado ás persoas en situacións específicas.</p> <p>Comunicación co usuario e/ou persoas significativas e intraprofesional.</p> <p>Traballo en equipo e relacións interprofesionais.</p> <p>Incorporación á práctica profesional dos principios éticos e legais que guían a profesión.</p>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Clinical practice placement	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13	480	0	480
Student portfolio	A62 B1 B3 B4 B8 C1 C7 C11 C12 C13	0	21	21
Case study	A62 B2 B3 B4 B8 B11 B12 B13 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12	6	65	71
Workbook	A62 B3 B8 B11 C6 C11 C12 C13	4	16	20
Introductory activities	A62 B1	2	0	2
Personalized attention		6	0	6

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Clinical practice placement	Práctica clínica de intervención integradora e avanzada que se desenvolve no ámbito hospitalario ou comunitario (segundo asignación) en quenda fixa con gardas ou quenda rotatoria complexa.
Student portfolio	<p>O Portafolios contén o rexistro realizado polo estudantado durante o período de práctica clínica.</p> <p>Constará dos seguintes contidos :</p> <p>1. MEMORIA DE PRÁCTICAS, integrada polos seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reflexión Crítica sobre a Unidade Clínica ou Centro de Saúde na que se realizaron as prácticas.</li> <li>- Autoavaliación do estudante, mediante items normalizados</li> </ul> <p>2. DIARIO REFLEXIVO DE PRÁCTICAS, como exercicio de introspección respecto da experiencia das Prácticas Clínicas e valoración das perspectivas profesionais e persoais.</p>



Case study	<p>A /o estudante elixirá un proceso patolóxico tipo da Unidade de Prácticas e realizará o seguimento dunha persoa con ese problema de saúde, seguindo os pasos que se enumeran a continuación:</p> <p>Descrición do proceso patolóxico elixido. Bases fisio-patolóxicas do caso.</p> <p>Enumeración dos problemas de saúde e complicacións potenciais, determinando obxectivos e actividades de enfermaría para resolver e previr os problemas reais e potenciais detectados.</p> <p>Valoración final do estudante sobre as fortalezas e dificultades percibidas para a realización do traballo.</p> <p>O traballo sobre o caso clínico colgarase na plataforma Moodle ou enviarase por correo electrónico á profesora asignada e será presentado de forma oral (con apoio audiovisual) nunha sesión de grupo reducido. A profesora especificará, de ser o caso, a necesidade de usar taxonomía enfermeira.</p>
Workbook	O profesorado presentará ao alumnado, para a súa lectura crítica, un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Introductory activities	Actividade que ten lugar antes do inicio das prácticas clínicas. Realízase unha sesión na aula para o grupo completo do estudantado na que se especificarán as metodoloxías para o correcto desenvolvemento da materia, así como o sistema de avaliación. Así mesmo, cada profesora realiza a presentación ó grupo asignado para aclarar aspectos relativos a actividade segundo se realicen as prácticas clínicas en atención especializada ou atención primaria.

## Personalized attention

Methodologies	Description
Clinical practice placement Workbook Case study	<p>A atención personalizada relacionada coas prácticas clínicas ten como finalidade atender as consultas do estudantado relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, actitudes, valores e habilidades que as-os estudantes deben acadar. Farase de forma individualizada, ben de xeito presencial, a través de Teams ou del correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada co Estudo de casos ten como finalidade orientar ao estudantado no desenvolvemento da planificación e a presentación das situacións clínicas. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial, a través de Teams ou do correo electrónico.</p> <p>A realización do Portafolios tamén disporá de atención personalizada a través dos medios indicados anteriormente.</p>

## Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Clinical practice placement	A62 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12 C13	Realízase unha avaliación continuada a través dos criterios ou indicadores establecidos para a valoración das competencias. A asistencia é obrigatoria.	50
Student portfolio	A62 B1 B3 B4 B8 C1 C7 C11 C12 C13	<p>Para a avaliación do Portafolios terase en conta a súa presentación en tempo e forma, así como:</p> <p>Cumplimentación correcta de todos os apartados que o compoñen: ata 3 puntos</p> <p>Claridade e corrección na redacción, a capacidade de síntese e a cumplimentación de todos os items de autoavaliación: ata 3 puntos</p> <p>Capacidade crítica e a corrección narrativa no desenvolvemento do diario reflexivo: ata 4 puntos</p>	15



Case study	A62 B2 B3 B4 B8 B11 B12 B13 C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12	<p>O estudiantado presentará o caso clínico en grupos de estudantes (ou individualmente segundo determine o docente) e responderán ás preguntas realizadas pola/o docente e o alumnado presente. Á presentación oral do Estudo de Caso asignaráselle unha puntuación máxima de 10 puntos e suporá o 20% do total da nota neste apartado. Para a avaliación da presentación oral terase en conta o tempo de exposición, o uso de recursos audiovisuais, a capacidade de síntese, o dominio dos contidos e da exposición, así como a claridade da mesma.</p> <p>Ao Estudo de Caso asignaráselle unha puntuación máxima de 10 puntos e suporá o 80% do total da nota neste apartado.</p> <p>Os criterios de avaliación son os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Presentación (léxico, redacción, orde dos apartados, estrutura): ata 1 punto</li><li>2. Valoración por necesidades básicas de V. Henderson ou Patróns funcionais de M. Gordon: ata 2 puntos</li><li>3. Diagnósticos: ata 2 puntos</li><li>4. Planificación (priorización, NIC, NOC): ata 3 puntos</li><li>5. Avaliación: ata 1 punto</li><li>6. Referencias bibliográficas: ata 1 punto</li></ol>	35
------------	--	--	----

## Assessment comments

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado oficialmente na materia e ter superadas as Estadías Clínicas I, II, III, IV, V, VI e VII; tal e como consta na memoria do Título de grao en Enfermaría.

A aplicación das porcentaxes na avaliación final para a superación da materia quedará suxeita a que cada unha das metodoloxías que computen na avaliación sexan superadas polo estudiantado segundo os criterios establecidos.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas e obrigatoria, as ausencias deberán comunicarse dacordo á normativa xeral do Centro relativa as Estadías Clínicas. Estas serán recuperadas ao remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non comunicadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro. Ao finalizar o periodo de prácticas clínicas o estudiantado deberá presentar a Memoria segundo se especifica no regulamento de Estadías Clínicas.

Avaliación 2ª oportunidade:

Dada a natureza das metodoloxías utilizadas no desenvolvemento da materia, na que a maioría das actividades son presenciais (práctica clínica), e polo tanto non recuperables, o estudiantado só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar o estudo de casos e o portafolios.

Adianto de oportunidade e estudiantado con matrícula parcial:

Dado que a práctica clínica é unha actividade presencial, non recuperable, non é posible establecer unha avaliación diferente para estes casos. O profesorado da materia valorarán a necesidade de realizar unha proba obxectiva e de carácter voluntario para aqueles/as estudantes con calificación superior a 9 e que desexen acadar a Matrícula de Honra. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederá a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

## Sources of information



<p><b>Basic</b></p>	<p>- Moorhead S, Johnson M, Maas ML, Swanson E. (2018). Clasificación de resultados de enfermería (NOC).. Barcelona: Elsevier</p> <p>- Bulechek GM, Butcher HK, McCloskey Dochterman J. (2018). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC).. Barcelona: Elsevier</p> <p>- NANDA International. (2021). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación: 2021-2023. Barcelona: Elsevier</p> <p>- NANDA International. (2011). Razonamiento crítico para alcanzar resultados de salud positivos. Barcelona: Elsevier</p> <p>- Luis MT (2013). Los Diagnósticos enfermeros. Revisión crítica y Guía Práctica.. Barcelona: Elsevier</p> <p>- Bardají Fandos T. (2008). El diario reflexivo como herramienta de autoaprendizaje en la formación de enfermería . Nursing, Agosto 2008; 26(7):52-8.</p> <p>- Fuentes Pumarola, C. Sirvent, J. y Bonet Saris, A. (2012). Manual de enfermería intensiva.. <a href="https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/115423">https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/115423</a></p> <p>- Martín-Romo Mejías, J. (Coord.) (2014). Actuación de Enfermería en urgencias . <a href="https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/113010">https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/113010</a></p> <p>- Barranco Martos, A (2013). Tutorial enfermería de urgencias. Tomo I.. <a href="https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50560">https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50560</a></p> <p>- Barranco Martos, A (2013). Tutorial enfermería de urgencias. Tomo II.. <a href="https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50561">https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50561</a></p> <p>- Barranco Martos, A (2013). Tutorial enfermería de urgencias. Tomo III.. <a href="https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50562">https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50562</a></p> <p>- Barranco Martos, A (2013). Tutorial enfermería de urgencias. <a href="https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50563">https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/50563</a></p> <p>- (.). . <a href="http://www.fisterra.com/">http://www.fisterra.com/</a></p> <p>A bibliografía básica para esta materia está relacionada fundamentalmente coa especificada nas seguintes materias: Estadías Clínicas I, II, III, IV, V, VI e VII.</p>
<p><b>Complementary</b></p>	<p>- Kübler-Ross E. (1993). Sobre la muerte y los moribundos. Barcelona. Grijalbo</p> <p>A bibliografía complementaria pode ser incorporada ao longo do curso polos profesores da materia, que farán indicacións de libros e/ou artigos de revistas científicas de interese na plataforma Moodle da materia.</p>

**Recommendations**

**Subjects that it is recommended to have taken before**

- Nutrition/661G01009
- Pharmacology/661G01011
- Mental Health Nursing/661G01015
- Professional Ethics, Legal Framework and Philosophy of Care/661G01016
- Clinical Nursing III/661G01017
- Nursery Nursing/661G01018
- Community Nursing II/661G01019
- Gerontological Nursing/661G01020
- Clinical Placement I/661G01025
- Clinical Placement II/661G01026
- Clinical Placement III/661G01027
- Clinical Placement IV/661G01028
- Clinical Placement V/661G01029
- Clinical Placement VI/661G01030
- Clinical Placement VII/661G01031
- Clinical Nursing I/661G01034
- Clinical Nursing II/661G01035
- Foundations of Nursing/661G01107



Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Final Dissertation/661G01033

Other comments

Tendo en conta o especificado na Memoria do Título é necesario ter superadas as materias: Estadías Clínicas I, II, III, IV, V, VI e VII para poder matricularse no&nbsp;Practicum. Esta materia ten en conta as recomendacións sobre SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XÉNERO para acadar unha contorna inmediata sustentable, ambiental e social. Por todo isto:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de MOODLE, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.- Débense ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia está incorporada a perspectiva de xénero: usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención nas distintas actividades da materia de alumnos e alumnas.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.